

POLÍTICA DE PRIVACIDADE

1.1. En cumprimento do establecido na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, e no Real decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informámolo de que o feito de cubrir calquera formulario existente na Web ou de enviar un correo electrónico a calquera das nosas caixas de correo implica a aceptación desta política de privacidade, así como a autorización ao Tesouro para que trate os datos persoais que nos facilite, nos termos e condicións que aquí se indican.

1.2. Os datos do Usuario inclúiranse nun ficheiro titularidade do Tesouro e declarado ante a Axencia Española de Protección de Datos con código de inscrición nº 2070810525

1.3. O Usuario autoriza ao Tesouro a incluír os seus datos en dito ficheiro coa finalidade de levar a cabo as operacións financeiras ofrecidas a través da Web e, en concreto, para a compra, traspaso e venda de valores, e relacionadas con calquera dos produtos e/ou servizos ofrecidos polo Tesouro, como, por exemplo, a consulta das operacións realizadas polo Usuario.

1.4. O Usuario pode exercer en calquera momento os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixindo unha solicitude por escrito ao seguinte enderezo: Dirección General del Tesoro y Política Financiera (dpto. Publicidad), Paseo del Prado, 6, 28014, Madrid, acompañando fotocopia do seu DNI ou Pasaporte ou documento válido que o identifique, e indicando a petición en que se concreta a solicitude, o enderezo a efectos de notificacións, a data e a súa sinatura, e os documentos acreditativos da petición que formula, no seu caso.

1.5. Conforme á lexislación vixente en materia de protección de datos, o Tesouro adoptou os niveis de seguridade adecuados aos datos facilitados polo Usuario e, ademais, instalou todos os medios e medidas ao seu alcance para evitar a perda, mal uso, alteración, acceso non autorizado e extracción destes.

1.6. O Tesouro presume que os datos foron introducidos polo seu titular ou por persoa autorizada por este, así como que son correctos e exactos.

1.7. Corresponde ao Usuario a actualización dos seus propios datos. O Tesouro non será

responsable da súa inexactitude se o Usuario non comunica os cambios que puidesen terse producido (por exemplo, cambio de enderezo de correo electrónico).

1.8. Pola mera visita á Web o Usuario non facilita información persoal ningunha nin queda obrigado a facilitala.

1.9. O Tesouro comprométese a gardar a máxima reserva e confidencialidade sobre a información que lle sexa facilitada e a empregala unicamente para os fins indicados.